



PLAN DIGITAL

IES DE MOS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do
- 1.3. Centro
- 1.4. Breve xustificación do mesmo
- 1.5. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do Centro: Instituto de Educación secundaria de Mos.

Dirección: As Pozas 23- Petelos 36416 Mos (Pontevedra).

Correo: ies.mos@edu.xunta.gal

Web: [Web IES de Mos](#)

Aula Virtual: [Aula virtual IES de Mos](#)

Etapas Educativas:

* Educación Secundaria Obligatoria. Ensino bilingüe, en galego-inglés /castelán - inglés, nas materias Bioloxía e Xeoloxía (1ºESO, 3º ESO), Promoción de Hábitos de Vida Saudables (2ºESO), Educación Plástica e Visual (1ºESO), Educación Física (1º ESO).

* Bacharelato. Modalidade de Ciencias, Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e Modalidade de Artes.

Número de Profesores: 61.

Número de alumnos: 635.

Persoal non docente: 2 administrativas, 2 conserxes e 4 limpadoras.

Persoal cafetería: 1

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES de Mos está situado na localidade de Mos, na comarca da Louriña, na área metropolitana

de Vigo. Trátase dun concello moi extenso e cunha grande dispersión poboacional, formado por áreas rurais, semiurbanas e industriais. Aínda que en termos socioeconómicos o noso alumnado provén de familias moi diversas, a grandes rasgos atoparíamos maiormente familias de clase media-baixa. Ademais o concello de Mos non dispón dun centro urbán definido e ten un transporte público deficiente polo que faise difícil que o noso alumnado poda acceder a equipos e conexións públicas fora do que o instituto poida ofrecerlles.

O Plan Dixital do IES de Mos é unha ferramenta coa que pretendemos facilitar a implatación das novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe ademais de poder detectar os problemas máis relevantes de toda a comunidade educativa do IES de Mos respecto o emprego das TICs e para tratar de atopar solucións a estas dificultades.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O noso **Plan Dixital** vai en consonancia co establecido na *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación* que afirma entre outras cousas:

- Os contornos virtuais de aprendizaxe que se utilizan nos centros educativos sostido con fondos públicos facilitará a aplicación de plans educativos específicos deseñado polo pro-

fevorado para acadar obxectivos específicos do currículo, e deben contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

- As Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán a uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) na aula como medio didáctica adecuada e valiosa para realizar as tarefas de ensino e aprendizaxe. As administracións educativas deberán establecer as condicións que posibiliten a eliminación no ámbito escolar de situacións de risco derivadas de inadecuadas uso das TIC, con especial atención ás situacións de violencia en Internet. Como veremos, os nosos obxectivos para o vindeiro curso académico céntranse no reflexado na parte sulñada deste punto.
- O proxecto educativo do centro incluírá tamén a estratexia dixital do centro.

Ademáis este Plan Dixital nace dacordo ao establecido na *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e máis a Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional*: “os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten”.

Pero é na *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional onde se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital*, en liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027). Así, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización. O equipo dinamizador do Plan Dixital do IES de Mos seguiu todas as instrucións aquí establecidas para a elaboración do Plan Dixital.

1.4. Proceso de elaboración

Atendendo ao establecido na *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional* procedeuse do seguinte xeito:

O primeiro paso na elaboración do Plan Dixital foi **establecer quenes formaban parte do equipo de dinamización dixital**. Decidiuse establecer a seguinte composición:

- *José Manuel Magadán Mompó*, Secretario do centro e coordinador do equipo de dinamización do Plan Dixital.
- *Eva Abal Vidal*, coordinadora E-DIXGAL.
- *Francisco Javier del Río González*, coordinador TIC do IES de Mos.
- *Ana Rodríguez Pérez*, responsable da Aula Virtual do IES de Mos.

O seguinte paso foi realizar unha **análise da situación do centro** para o que empregamos as ferramentas para a diagnose de situación SELFIE (1º trimestre) e Test de Competencia Dixital Docente (2º trimestre).

A continuación realizouse a **diagnose de situación do centro**. A partir do Informe SELFIE, o centro poido xerar un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que nos permitiu a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións. O Informe Individual do test CDD nos permitiu avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente.

Xa no terceiro trimestre elaborouse o Plan de Acción Titorial onde se estableceron os obxectivos a acadar no vindeiro curso académico, ademáis dos mecanismos para realizar un seguimento das accións encaminadas a acadar estes obxectivos.

Finalmente, no mes de xuño elaborouse este documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Descrición xeral

A infraestrutura dixital do centro dependen das instalacións que a Consellería de Educación decida instalar en cada centro. Ata o ano 2021 a Consellería contratou os servizos da empresa R para levar a cabo esta labor, e a partir do 2022 a encargada é a empresa Movistar.

A través do “Espazo Abalar” todo o alumnado dispón dun nome de usuario e dun pin onde darse de alta na web “edu.xunta.gal” e a partir de ahí poderán conectar os seus dispositivos a rede wifi do centro.

O Profesorado xa está dado de alta neste servizo dende que comeza a traballar, podendo acceder a rede wifi cos datos de usuario/contrasinal da súa conta de correo corporativa.

Equipamento dispoñible:

Todas as aulas dispoñen de conexión a internet por cable e por wifi.

Todas as aulas de referencia de cada grupo, tanto de ESO e de Bacharelato dispoñen de ordenador de profesor, pizarra dixital e canón proxector. So algunha das aulas de desdobre carece de pizarra dixital. Como os catro cursos da ESO están integrados no programa E-Dixgal, todas as súas aulas posúen a equipación correspondente, e todo o alumnado posúe o seu portátil de traballo.

Os tres laboratorios (bioloxía, física e química), as tres aulas de música, as dúas taulas-taller de tecnoloxía, as dúas de plástica, as dúas de informática e o salón de actos non dispoñen de pizarra dixital, pero sí de ordenador de profesor e de canón proxector.

Existen tamén dúas aulas de informática unha delas (a 214) con 23 equipos para o alumnado e 1 para o profesor, e outra (a 215) con 31 equipos para o alumnado e 1 para o profesor.

Na biblioteca existe un ordenador con conexión.

Cada departamento dispón como mínimo dun equipo portátil (e a maiores normalmente tamén un equipo de sobremesa). Nos departamentos tamén hai conexión por cable e por wifi.

Na sala de profesores existen catro equipos con conexión a internet e á impresora de conserxería.

En administración existen dous equipos con conexión a internet.

Cada un dos despachos do equipo directivo dispón dun ordenador (Dirección, Xefatura de estudos, Secretaría e Vicedirección). Director e secretario posúen un portátil a maiores para traballar dende a casa. Os catro equipos de dirección posúen unha rede independente (a empresa Servitec encárgase do seu mantemento) e ademáis están conectados a un servidor.

Servizos Dixitais:

O Centro dispón dunha páxina web e aula virtual (enlaces na primeira páxina deste documento). Os alumnos da ESO acceden tamén a contidos na rede E-dixgal. Dous profesores (un deles o coordinador TIC do centro) encárganse de todo o mantemento da aula virtual (dar de alta ao

novo profesorado, engadir cursos...). A aula virtual no noso centro é un instrumento de uso habitual na maioría das materias.

O programa Abalar é a forma habitual que se usa no centro para comunicarse coas familias e co profesorado (aínda que normalmente con este último emprégase o correo corporativo).

Xestión e mantemento

O Secretario do centro é o responsable de manter en correcto funcionamento o material do centro, así como de telo inventariado.

O profesor de informática e coordinador TIC do centro dispón de tres horas semanais para adicar a reparar e resolver os problemas que poidan xurdir no día a día.

Referente ao mantemento e reparacións tamén AMTEGA, a UAC o o servizo Premium de E-dixgal (cada un no seu campo) interveñen resolvendo as reparacións máis problemáticas. Cos equipos mercados polo centro encárgase a empresa Servitec, e ademais como xa comentamos, leva o mantemento da rede de dirección.

Enlaces e protocolos do centro relacionados coas Tic

Os que establece a Xunta (UAC):

Mantemento: <https://www.edu.xunta.gal/portal/es/uac>

Seguridade: <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/seguridade>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para poder detectar as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades da comunidade educativa do IES de Mos empregamos fundamentalmente os datos obtidos nos informes SELFIE (ESO e Bacharelato) realizados no primeiro trimestre do curso académico e en menor medida os datos que aparecen no informe grupal do test de competencia dixital docente do IES de Mos realizado por gran parte do profesorado.

A) Datos extraídos do Informe SELFIE (Autoavaliación)

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		2,8	3,3		
	Profesorado		3,6	3,5		
	Alumnado		NC	NC		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,1	3,7		
	Profesorado		3,2	3,2		
	Alumnado		2,9	2,4		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,6	3,8		
	Profesorado		3,9	3,5		
	Alumnado		3,9	2,7		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,9	4,2		
	Profesorado		3,9	3,6		
	Alumnado		NC	NC		
E- Pedagogía:	Equipo Direct.		3,9	3,9		
	Profesorado		4,3	4,3		

Apoio e Recursos	Alumnado		3,9	3,9		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,4	3,6		
	Profesorado		3,6	3,6		
	Alumnado		3,2	2,6		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,3	3,1		
	Profesorado		3,3	3,4		
	Alumnado		3	2,1		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,6	3,6		
	Profesorado		3,6	3,7		
	Alumnado		3,3	2,5		

B) Datos extraídos do informe grupal do test de competencia dixital docente:

B.1) Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	32	44	72,7%
PROVISIONAL	6	8	75%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	5	8	62,5%
DESPRAZADO	5	12	41,7%

B.2.1) Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
80	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

B.2.2) Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	79,4	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	87,3	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P				

B.2.3) Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2%
A2	17	34.7%
B1	17	34,7%
B2	12	24,5%
C1	2	4,1%
C2	0	0%
TOTAL	49	100,00%

C) Datos extraídos doutras fontes

A nivel cualitativo empregamos outros datos como os da baixa participación na “Escola de Familias”, as dificultades detectadas no día a día para solucionar os problemas debidos a pequenas averías nas instalacións das aulas.

2.3. Análise DAFO

Na seguinte táboa aparecen reflexados en forma de análise DAFO as conclusións que o equipo de dinamización dixital obtivemos a partir dos anteriores datos:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO	Boa (acceptable) conexión por cable. En todas as aulas de referencia hai Pizarra dixital e pc.	O equipamento nas aulas de bacharelato é algo peor que nas aulas da ESO que dispoñen de nova equipación (EDIXGAL)
	PERSOAL DO-CENTE	Boa disposición do profesorado de cara a formación. Uso de recursos educativos en línea e emprego habitual das novas tecnoloxías por parte da maioría do profesorado. No noso centro está amplamente extendido o uso das novas tecnoloxías (aula virtual, EDIXGAL...)	A percepción que o profesorado ten sobre os coñecementos informáticos do alumnado é moi superior á que eles mesmos afirman ter. Apenas empréganse sistemas dixitais para avaliar. Apenas se avalía o uso e a efectividade das ferramentas dixitais. Dificultades para colaborar e compartir experiencias pola falta de horas e hábito. Falta de tempo para poder explorar novas metodoloxías de ensino.

		Descoñecemento de políticas de datos e de hábitos seguros nas redes
PERSOAL NON DOCENTE	Parte do persoal non docente sí posúe coñecementos de informática e colabora en todo o que está nas súas mans.	Dificultades básicas nunha parte do persoal non docente.
ALUMNADO	Formación adquirida na materia de informática.	Problemas de coñecementos de informática básicos (moi relevantes por sermos centro EDIXGAL). Parte do alumnado non ten asentadas prácticas seguras nas redes.
FAMILIAS	Hai familias moi implicadas que participaron na Escola de Pais para mellorar a súa formación.	As familias que máis o precisan xusto son as que menos predisposición mostran á hora de manexar programas básicos (Abalar...)
OFERTA	Oferta variada de bacharelato.	Na actualidade , e aínda que está en proceso de xestión, non podemos ofrecer a FP básica solicitada. Previsibles problemas no paso dun ensino dixitalizado na ESO (EDIXGAL) a unha volta a un ensino máis tradicional (bacharelato).
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Na actualidade temos profesorado con horas adicadas ao mantemento dos equipos informáticos, profesorado con dedicación ao programa EDIXGAL e a profesorado con dedicación a aula virtual.	O profesorado da ESO e o equipo directivo cree que non hai unha estratexia dixital clara. Non hai unha canle clara de comunicación coa Secretaría cando se da un problema informático.

EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
-----------------	----------------------	----------------

CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oportunidades de formación. Ó participar en moitos proxectos (contratos programa) o centro goza de relativa boa financiación.	Problemas coa WIFI que afectan as clases EDIXGAL.
	LEXISLACIÓN		Renovación constante de gran parte do claustro de profesores. Pouca motivación para emprender proxectos de dirección. Exceso de ratio.
	CONTORNA		Alumnado con problemas de conexión na casa e/ou con problemas económicos.
	ANPA	ANPA moi colaborativa co centro e co equipo directivo.	
	OUTRAS ENTIDADES	Boa predisposición para colaborar co centro por parte do Concello e das asociacións de empresarios.	UAC, Servitec... supoñen solucións a maioría dos problemas técnicos, pero non sempre coa suficiente prontitude que se precisa nun centro de ensino.

3. Plan de Acción

Para levar a cabo o Plan de Acción Dixital contaremos en primer lugar cos membros do equipo de Dinamización do Plan Dixital, tamén cos tutores, que terán que adicar algunhas sesións a traballar os obxectivos marcados co seu alumnado, e en calquera caso contamos tamén coa boa disposición do resto da comunidade educativa do IES de Mos. En canto os recursos materiais, non debería haber maior problema pois o sermos un centro con toda a ESO adscrita ao programa E-DIXGAL, todas as aulas de referencia de cada grupo contan co equipamento adecuado e tamén todo o alumnado ten o seu propio ordenador portátil.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Dous aspectos chamaron a nosa atención particularmente na nosa análise DAFO:

a) O profesorado ten a percepción de que, en xeral, o alumnado presenta un elevado nivel de competencia informática, sen embargo sorprendeunos que fronte a esa percepción allea, os propios alumnos afirman ter un baixo nivel de competencia informática. Esto choque entre a percepción allea e a levounos a tomar como primeiro obxectivo deste Plan de Acción **fomentar o nivel de competencia do noso alumnado**, alertando ademais ao nos profesorado da gran diferenza entre o que eles perciben e o que o propio alumnado pensa sobre as súas propias competencias no tema. A secuencia de pasos está delimitada na primeira das táboas que aparecen na páxina seguinte.

b) O feito de que boa parte do noso alumnado non teña asentadas prácticas seguras nas redes. Así, **fomentar un comportamento seguro e responsable das tics por parte do Alumnado** convertiuse no noso segundo obxectivo de cara ao próximo curso académico. Na segunda das táboas aparecen reflexados os pasos a seguir para acadar este obxectivo.

Así mesmo, e seguindo co sinalado no marco *DigCompOrg*, o noso traballo de cara a acadar os dous obxectivos marcados, irá encaminado para actuar en tres niveis:

- Organización do centro. Pretendemos incluír estas accións no Plan de Acción Titorial.
- Información e comunicación. Dende a aula virtual e a web do centro publicaremos todo o proceso.
- Procesos de ensino-aprendizaxe. As actividades encaminadas a lograr este obxectivo teñen como finalidade última facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado da ESO, o que nos parece imprescindible estando a traballar no ámbito da formación E-DIXGAL.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Estas necesidades de material aparecen reflexadas nas dúas táboas que hai a continuación. En principio, para levar a cabo as actividades encaminadas a acadar os obxectivos marcados, as infraestruturas e o equipamento do centro parécennos máis que suficientes. Hai que ter en conta que ó sermos un centro E-DIXGAL todas as nosas aulas de referencia teñen a equipación propia deste programa, e todo o alumnado da ESO posúe un portátil de uso personal.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Áreas de mellora: H, Competencias Dixitais do Alumnado						
OBXECTIVO 1: (1)	Fomentar o nivel de competencia informática do alumnado da ESO				Acadado	
Responsable:	Coordinador Plan Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Evolución no promedio obtido nos formularios colgados na aula virtual					
Valor de partida: (3)	Dato promedio obtido ó inicio do curso					
Valor previsto e data: (4)	Dato promedio obtido a fin de curso.			Maio 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación grupo de traballo para deseñar o formulario	Coordinador TIC	Primeira semana de novembro.	- Ordenadores. - Sala de Reunións. - Actas.	Realizouse en tempo (S/N) Se é non quedaría aprazada ou pendente e explicárase a razón.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Deseñar na aula virtual as tarefas a realizar nas titorías para axudar a solventar os puntos débiles na formación do alumnado.	Grupo de traballo	Primeira semana de decembro.	- Ordenadores. - Sala de Reunións. - Actas.	As tarefas resolvéronse en tempo e forma (S/N). Se é non quedaría aprazada ou pendente e explicárase a razón.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Comprobar trala repetición por parte do alumnado do formulario inicial de que a evolución numérica foi positiva	Grupo de traballo	Primeira semana de maio.	- Ordenadores. - Sala de Reunións. - Actas.	Os valores obtidos deberían mellorar o dato numérico promedio obtido no formulario inicial.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: H, Competencias Dixitais do Alumnado						
OBXECTIVO 2: (1)	Fomentar un comportamento seguro e responsable das tics por parte do Alumnado				Acadado	
Responsable:	Coordinador Plan Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Evolución no promedio obtido nos formularios colgados na aula virtual					
Valor de partida: (3)	Dato promedio obtido ó inicio do curso					
Valor previsto e data: (4)	Dato medio formulario alumnado ESO en maio			Maio 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Creación grupo de traballo para deseñar o formulario	Coordinador TIC	Segunda semana de novembro.	- Ordenadores. - Sala de Reunións. - Actas.	Realizouse en tempo (S/N) Se é non quedaría aprazada ou pendente e explicárase a razón.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Deseñar na aula virtual as tarefas a realizar nas titorías para axudar a que o alumnado desenvolva hábitos seguros nas redes.	Grupo de traballo	Segunda semana de decembro.	- Ordenadores. - Sala de Reunións. - Actas.	As tarefas resolvéronse en tempo e forma (S/N). Se é non quedaría aprazada ou pendente e explicárase a razón.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Comprobar trala repetición por parte do alumnado do formulario inicial de que a evolución numérica foi positiva	Grupo de traballo	Segunda semana de maio.	- Ordenadores. - Sala de Reunións. - Actas.	Os valores obtidos deberían mellorar o dato numérico promedio obtido no formulario inicial.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

As accións a desenvolver para acadar ambos obxectivos marcados veñen expresadas a grandes rasgos nas dúas táboas de obxectivos do Plan de Acción e faranse sobre todo nas titorías. Durante o primeiro trimestre o que se valorará para avaliar este plan é se cumplimos ou non cos tempos marcados, e se as actividades propostas desenvolvéronse segundo o previsto. Se non é así haberá que dar unha razón do porqué e buscar unha solución para que as seguintes fases do traballo poidan desenvolverse normalmente.

Xa no segundo trimestre ademáis disto valorarase a actividade inicial realizada polos alumnos (será unha actividade na que obterán un valor numérico entre o cero e o dez). Farase unha media por niveis (1º, 2º, 3º e 4º da ESO) e unha media global do centro. Se lles explicará ó alumnado participante onde erraron e en qué deben mellorar. Faranse actividades que axuden ao noso alumnado a acadar os obxectivos marcados.

No terceiro trimestre repetirán a actividade inicial (ou unha moi semellante) e cada alumno/a poderá comprobar se mellorou respecto ó valor que obtivo na actividade inicial. A diferenza entre os valores medios (total do centro e por nivel) obtidos entre a actividade do segundo trimestre e as obtidas no terceiro trimestre servirá para valorar se conseguimos ou non os obxectivos propostos. Cada titor ademáis poderá comparar as medias iniciais e finais da súa titoría se así o desexa.

Finalmente pasarase ó alumnado un test onde poderán valorar distintos aspectos das actividades realizadas. Naqueles items nos que aparezcan valoracións negativas o equipo de dinamización dixital tratará de buscar solucións para que eses problemas non se repitan nos próximos anos. O valor obtido servirá tamén para valorar e avaliar todo o proceso.

5. Difusión do plan

No nosa aula virtual xa foi creado un curso denominado “Plan Dixital do Centro” onde está matriculado todo o profesorado e máis o alumnado. Dende o mesmo pódese acceder aos resultados dos informes SELFIE, á DAFO ou as táboas de obxectivos, e en canto este documento esté aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar, tamén haberá un enlace para poder acceder a él. No primeiro trimestre do próximo curso académico tamén se poderá acceder ás actividades propostas para acadar os obxectivos marcados, xunto co mecanismo de avaliación do proceso. Ademáis calquera persoa (non matriculada do curso) pode acceder a este curso da Aula Virtual e acadar información sobre en que consiste o SELFIE (“Portal Selfie”), sobre a documentación do Plan Dixital, tamén a enlaces da Xunta referentes ó Plan Dixital, e un enlace á Resolución do 7 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se seleccionan, con carácter experimental, os centros docentes públicos que constituirán a Rede Galega de Educación Dixital, para o curso 2021-2022. O coordinador TIC do centro, xunto coa responsable da aula virtual (ambos integrantes do equipo de dinamización dixital) serán os encargados de levar a cabo esta tarefa actuando baixo a dirección do coordinador do Plan Dixital do Centro, quen nas reunións que teñan lugar no próximo curso velará para que este proceso de difusión e publicidade levese a cabo correctamente en tempo e forma.

Na web do centro ubicarase, unha vez aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar, un enlace para descargar o presente documento.

Por último informarase tamén ás familias a través do servizo Abalar, tanto das actividades que se realizarán, como sobre os obxectivos perseguidos e o nivel de éxito acadado.